

16 - Marzo - 1996

GALERÍA DE ARTE

Preserva-lo ecosistema

UNHA tarde calquera pero dun mes concreto, o presente, marzo, se nos deixamos caer por un espacio singular, a Galería Trinta, intuímos unha vez alí como un artista, Fernando Casás, nos deixa que participemos dunha profunda reflexión de algo que foi, do que debería ser e truncou a残酷de humana. O que se nos presenta son unha serie de fragmentos todos eles de madeira, recollidos polas súas cualidades plásticas que entrelazan instantes dunha trama existencial. Os troncos coas súas vetas provocadas polo tempo e os seus axentes atmosféricos, claman loita, continuidade, preservación.

A fraxilidade da vida a través de actos, impulsos que de hoxe a mañá poden cambiar totalmente unha situación, e formas tan humildes e ainda desprezables como poden ser simples cachos de madeira, aparecen perfectamente equilibrados. Dúas difíciles forzas, a lealdade ó medio, patente por exemplo no enorme tronco queimado pola acción devastadora do home e a presencia breve dun dato exterior extrínseco á obra, o traballo persoal do artista, componen o resultado final no que foron ó unísono o labor da natureza e o labor do artista. Anque o tempo fortaleceu as pezas de Fernando Casás sen embargo, o material co que traballa é lixeiro, contraposto ó mundo da alta tecnoloxía dos noventa, entón as obras presentes paréncennos algo case como arcaicas. Mergúllannos non nunha circunstancia estética estraña como instaurada por medio dunha fermosa artificiosidade senón ó seu natural alcance escultórico.

A obra presente anque non inclúe a figura humana, esta ten enorme peso neste contexto xa que ela é precisamente a que leva a batuta no equilibrio do ecosistema, así o noso autor amósasenos como un espírito ecológico en potencia, como dicía Pau Milà i Fontanals "A arte ben considerada é o espírito exteriorizado, as artes poñen á vista como sente e pensa o artista, deben compoñela arte tres elementos: ideal, sensacións e sentimentos" e estas premisas cumprense nesta exposición.

Fátima Otero